

**N. Expediente:** 219/2025  
**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos  
**Documento:** Resolución de Alcaldía  
**Asunto:** APROBACIÓN BASES PLAN MÁIS PROVINCIA 2025\_LIÑA 3: ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025

## DECRETO

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 21 de febreiro de 2025, de concesión de subvención ao abeiro do PLAN MÁIS PROVINCIA 2025\_LIÑA 3: ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025 (BOPPO nº 1 do xoves 2 de xaneiro de 2025) no que será subvencionable a contratación de persoas desempregadas para a prestación de servizos mínimos de competencia municipal, de interese xeral e social, tendo en conta a normativa aplicable.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, de sete persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.
2. As ocupacións ofertadas son:

| Ocupación           | Nº postos | Duración            |
|---------------------|-----------|---------------------|
| Peón obras públicas | 3         | Marzo-Novembro_2025 |
| Fontaneiro/a        | 1         | Marzo-Novembro_2025 |
| Albanel             | 1         | Abril-Novembro_2025 |
| Electricista        | 1         | Abril-Novembro_2025 |
| Pintor/a            | 1         | Abril-Novembro_2025 |

Mándao e asínoa a alcaldesa, do que, a secretaría dá fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

